



## Reunión da comisión TIC

*CPI de San Sadurniño - Curso 2022/2023*

---

### Datos da reunión:

- Data: 20/10/2022
- Hora: 18:00
- Lugar: Aula Virtual do centro

### Orde do día:

- Seguimento e aplicación do plan dixital.
  - Accións a desenvolver:
    - Solicitud de formación sobre avaliación dixital.
    - Protocolo de uso seguro das TIC.
    - Organizar charlas sobre uso seguro das TIC
    - Difusión do plan: AV, web, boletín TIC
  - Xestión de incidencias e actualizacións de equipamentos
  - Rolda de intervencións
- 

## Acta e acordos.

### Asistentes:

Ana María Brea Santiago

Sandra García Fraga

Lidia Lago Martínez

Manuel Ángel Rey Pardo

M<sup>a</sup> Teresa Vispalia Blanco

Verónica Fraga Lamas

## Ausentes

M<sup>a</sup> del Mar López Somoza

---

## Acordos e propostas:

### ■ Seguimento e aplicación do plan dixital

Está posto na aula virtual do centro un curso para a comisión TIC no que hai un apartado para levar o seguimento do plan dixital onde tamén están desagregados os responsables das diferentes accións a realizar e os prazos para desenvolverlas e propúxose remitir ao claustro esta información para que cada responsable a teña en conta. Para elo crearase unha conta de correo da Comisión TIC.

Fíxose tamén un repaso das accións realizadas, das de próxima realización e comentouse que hai algunhas que serán feitas ao longo de todo o curso.

Propúxose tamén solicitar ao claustro que remita á nova conta de correo as seguintes actividades a realizar durante o curso contempladas no Plan Dixital:

- Actividades interdisciplinarias.
  - Actividades creativas realizadas.
  - Colaboracións externas.
  - Actividades de avaliación dixital.
- 

### ■ Accións a desenvolver:

Propuxéronse as seguintes accións:

- Solicitar ao CFPP formación sobre *recursos e ferramentas sobre avaliación dixital*.
- Facer antes de marzo algunhas sesións de formación internas sobre *recursos e estratexias para traballar con equipamento de baixas e medias prestacións*.
- Realizar unha xuntanza para elaborar o protocolo de uso seguro das TIC antes de xaneiro.



- Facer difusión sobre o plan dixital e das TIC na web e na AV do centro e no boletín TIC.

---

- **Xestión de incidencias e actualizacións de equipamentos.**

A folla de incidencias está a funcionar ben pero parte das incidencias chegan por correo ou son comunicadas persoalmente ao coordinador. Está pendente de poñelas na folla de incidencias.

Propúxose solicitar á administración novo equipamento para substituír equipos antigos. Esta solicitude podería facerse ao inicio de cada curso.

No vindeiro mes farase unha escolma de equipamento que podería ser actualizado para mellorar o seu rendemento. Fíxose a seguinte estimación de custo por equipo a actualizar:

- Disco SSD 120GB 22€
- RAM 2GB - 4GB - 15-25€
- Cable SATA - 3€
- Actualización media por equipo: 50€

Hai que establecer prioridades de equipamento a actualizar e falar coa dirección para ver as posibilidades de gasto e o número de equipos que poderían ser actualizados.

---

- **Rolda de intervencións.**

Teresa Vispalia ofrécese para colaborar na actualización dos equipos.

Asinado:

Manolo Rey